






Boletín Informativo  
da Biblioteca  
Fina Casalderrey e  
EDLQ

CEP Plurilingüe  
Igrexa - valadares

MARZO 2015

# DEVORADORES/AS DE LIBROS



ESTES FORON OS NENOS E NENAS QUE MÁIS LIBROS LERON ESTE TRIMESTRE





## LIBROS MÁIS LIDOS



Neste trimestre os libros con máis éxito foron: En terceiro lugar, "Un pringao total, Diario de Greg"; en segundo lugar, "Mortadelo y Filemón, El trastomóvil" e o libro campeón, "Quiero ser hada".

## CLUB DE LECTURA



Durante este trimestre o Club de lectura "LKTL" continuou a súa andaina coa lectura de novos libros e novas reflexións. Os libros lidos foron: Montedidio de Erri de Luca, A voz do vento de Pemón Bouzas e Tokyo Blues de Murakami.



# BIBLIOTECARIOS DESTE TRIMESTRE



DURANTE O MES DE FEBREIRO TIVEMOS REBAIXAS NA BIBLIOTECA  
(Puidemos levar dous libros en vez dun)



P  
R  
O  
X  
E  
C  
T  
O



22  
de  
MARZO



DÍA  
MUNDIAL  
DA  
AUGA



RECICLAXE

É  
VIDA



## ENTREVISTA Á ESCRITORA CLARA DO ROXO

### **Cal foi o primeiro libro que liches?**

A Illa do Tesouro, tería cinco anos e estaba enferma de gripe. Deixou-me unha pegada moi grande.

### **Ao escribir, baséaste en feitos reais?**

Ás veces sí, pero case todo o inventa a miña cabeciña, pónome a soñar esperta e saen historias.

### **Dos libros que escribiches, cal é o teu preferido?**

Todos son os meus preferidos. Os libros son creacións propias, son coma fillos, e ningunha nai sería quen de dicir a que fillo quere máis.

### **A parte dos teus, con cal te quedarías?**

Uff! A listaxe sería interminable, os libros e máis eu somos inseparables. Mesmo ás veces cando collo algún na biblioteca e me gusta moito, despois mércoo para a miña casa e volvo lelo.

### **En que te inspiras cando escribes?**

En nada especial, ás veces a miña cabeza ponse a inventar ela soa, e para que non escapen as ideas escribo nos cadernos ou no ordenador. Todo me parece bo para escribir.

### **Como chegaches a ser escritora?**

Dende sempre quixen ser escritora, pero tiña vergoña de que a xente puidera rir das miñas escritas, así que agochaba o que escribía dentro dos cadernos ou polo medio dos libros. Pero un día, xa era moi maior, perdín o medo a que a xente rira de min polo que escribía, e velaí que a case todos lles gusta o que fago.

### **Cantos anos tiñas cando escribiches o primeiro libro?**

Tiña 43 anos. Xa vedes, nunca é tarde.

### **Cando eras pequena, que desexabas ser de maior?**

Escritora ou azafata. Pero como son baixiña, deixei de desexar ser azafata. Agora estou contenta, é moito máis fermoso ser escritora.

### **Con relación á escritura, cales son as túas aspiracións?**

A miña única aspiración é que lles gusten as miñas escritas ás persoas que as lean.

### **Hai algún tema sobre o que che guste máis escribir?**

Sí, hai algún tema que utilizo máis ca outros. Estou moi sensibilizada co maltrato infantil, co maltrato ás mulleres, coa igualdade de xénero, co acoso laboral e escolar, coa pederastia. Toda a miña literatura para adultos trata deses temas.

### **Esperabas chegar tan lonxe?**

Nunca, nin nos meus máis atrevidos soños pensei chegar onde estou. Cumprir soños é doado.

### **Cal foi o primeiro libro que escribiches?**

Foi un libro para adultos en compañía con outras oito escritoras e que trata do acoso laboral.

### **Líache contos a túa nai cando eras pequena?**

Antes de saber ler, contábanos a miña nai. Pero en canto souben ler, xa non precisei que ningún mos contara. Gústame moito ler.

### **Da literatura, que che gusta máis ler ou escribir?**

Uff! que pregunta tan difícil. Eu penso que sen a lectura non habería escritura. Pero sen escritura tampouco habería lectura. Que foi antes, o ovo ou a galiña, contestádeme vos !!!

*Grazas por todo. Apertas*

*Clara do Roxo*





ESTE TRIMESTRE PRESENTAMOS...

## CONMEMORACIÓN

### DÍA DA PAZ (30 de xaneiro)

O alumnado participou en diferentes actividades e actos: elaboración de murais (todos somos iguais, Mafalda e as súas mensaxes de paz, as pombas da paz sobre unha árbore con material reciclado), dípticos de investigación sobre Premios Nobel da Paz, creación colectiva do símbolo da paz con botes de iogur, etc.





## DÍA DA AUGA

(22 de marzo)

Realización dun mural colectivo con consellos para aforrar auga.



## EXPOSICIÓNS

Exposición de carautas con material reciclado.  
Do 9 ao 13 de febreiro.

Grazas a todos/as por participar.





## FESTAS

**ENTROIDO** (13 de febreiro)

Seguimos as ordes do Meco e organizamos un desfile de comparsas.













## OBRADOIROS

**CHARLAS DO MAR.** Obradoiro dentro do Plan Proxecta organizado para todo o colexio o 20 de xaneiro. Este obradoiro completouse posteriormente cunha saída á lonxa, museo do mar e ca degustación no colexio dun catering onde o menú tiña como ingrediente básico o peixe. O alumnado coñeceu diferentes especies mariñas, artes de pesca así como os beneficios de comer peixe.



**ESCRITURA CREATIVA.** Obradoiro impartido pola escritora Clara do Roxo para 6º curso o 28 de xaneiro. A través de diferentes estratexias o alumnado creou as súas propias historias.







## PARA CANTAR E BAILAR (2 de febreiro).

O alumnado de 1º e 2º participou nun obradoiro de cancións tradicionais con xogos cantados e bailados en galego

## POLO CORREO DO VENTO.(24 de febreiro).

Obradoiro para 1º e 2º curso, onde a palabra e a imaxe dun conto “O esquí rampante” despertaron a creatividade e a imaxinación de todos.



## CAMIÑO DA LÍNGUA. (9 de marzo).

Obradoiro para 2º curso no que a partir dun taboleiro os participantes tiveron que superar unha serie de retos lingüísticos e culturais.





**VIGO RECICLA** (13 de marzo).

O alumnado de 3º, 4º e 5º participou nunha xornada sobre a reciclaxe. A través de diferentes xogos interactivos aprenderon a reciclar analizando os diferentes tipos de residuos.



**VIGO HISTORIA** (17 de marzo). O alumnado de 5º participou nun obradoiro sobre a Reconquista onde a través dunha serie de paneis informativos e dunha charla, o alumnado coñeceu o va-





## OUTRAS ACTIVIDADES



### PLAN DIRECTOR (16 de xaneiro).

O alumnado de 5º participou nunha charla sobre os riscos de internet.

### EXHIBICIÓN POLICIAL

(21 de xaneiro).

Membros do corpo de policía participaron nunha exhibición de medios técnicos dirixida a todo o alumnado do colexio.



### CHARLAS SOBRE IGUALDADE

(15 de Febreiro).

O alumnado de 2º e 6º participou nun obradoiro sobre igualdade





## SEMANAS DA FROITA.

Este trimestre repartimos froita durante tres semanas. Esta actividade está incluída dentro do Plan Proxecta. Fomentamos o consumo de froita entre o alumnado coa audición de pezas musicais sobre a froita e degustándoa durante os recreos.



## CONCURSO DE SOGAMA "SEPREMOS BEN RECICLAREMOS MELLOR"

(Presentación de obras ata o 27 de febreiro)


**"GRAZAS A TODOS/AS POR**



OBRA GAÑADORA  
FRANCISCO MIRANDA DE 6ºB



2º FINALISTA  
MIRIAN ALONSO E NAYRA ALONSO DE 4º A



3º FINALISTA  
XIÁN FERNÁNDEZ LÓPEZ DE 3º



4º FINALISTA  
IRENE DOMINGUEZ E LAURA GARRIDO DE 4º A



## SAÍDAS

**SAÍDA Á LONXA E AO MUSEO DO MAR** (1º e 2º, o 26 de febreiro; 3º e 4º, o 12 de marzo e 5º e 6º, o 19 de marzo). Esta saída inclúese dentro do Plan Proxecta da Consellería de Educación. Como primeira parte desta actividade, o alumnado participou en xaneiro nun obradoiro sobre o mar e finalizou degustando no colexio un menú onde o ingrediente principal era o peixe.



**SAÍDA A NATURNOVA, CENTRO INTERACTIVO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL.** (4º, 5º e 6º curso). O alumnado explorou, manipulou e descubriu información ao longo de tres salas sobre o universo, o ser humano e o seu medio e a reciclaxe.



**SAÍDA AO ZOO** (13 de marzo). O alumnado de 1º e 2º visitou o zoo.





## CONCURSOS

### CONCURSO "MARTIN LUTHER KING" Do 22 ao 30 de Xaneir

1º NIVEL: MARA RODRÍGUEZ (1ªA) 2º NIVEL: ALBA CRISTINA ALFONSO (2ªA)

3º NIVEL: ROI PÉREZ (3º) 4º NIVEL: LUCAS RODRÍGUEZ (4ªB)

5º NIVEL: GABRIEL FIGUEROA (5º) 6º NIVEL: ANDREA FERNÁNDEZ (6ªA)

### CONCURSO "FAI UN USO RACIONAL DA AUGA" Do 11 ao 19 de Marzo

2º NIVEL: BRAIS BASTOS PIÑEIRO (2ªB)

3º NIVEL: ALEJANDRO CEPRIÁN RODRÍGUEZ 4º NIVEL: CANDELA SILVEIRA PÉREZ (4ªB)

5º NIVEL: PABLO MILLOR COSTAS 6º NIVEL: FRANCISCO MIRANDA IGLESIAS (6ªB)

### CONCURSO DE SOGAMA "SE PAREMOS BEN RECICLEMOS MELLOR" 27 Febreiro

GAÑADOR: FRANCISCO MIRANDA IGLESIAS (6ªB)

### VISITA DA TVG AO COMEDOR ESCOLAR (24 DE MARZO)



O noso Centro foi elixido entre os da provincia de Pontevedra para facer unha reportaxe sobre o funcionamento dos comedores escolares con cociña propia. Emitirase no programa "Boas tardes". Tamén estiveron presentes o Xefe Territorial e a Inspectora da Zona.

#### PÁXINAS WEB DE INTERESE:

<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>  
<http://bibliovaladares.blogspot.com.es/>  
<http://www.wikipedia.es/>  
<http://www.recursos.biblioteca.webnode.es>



Os equipos de Biblioteca e Dinamización Lingüística agradécenlle a toda a comunidade educativa (familias, profesorado ...) a súa colaboración na realización de todas estas actividades, sen a cal non poderían levarse a cabo.